



# CEIP Plurilingüe Pumar-Urdilde

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

	<b>Páx.</b>
<b>1. <u>Introdución</u></b>	<b>3- 9</b>
1.1. Datos básicos do centro	
1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	
1.3. Breve xustificación do mesmo	
1.4. Proceso de elaboración	
<b>2. <u>Situación de partida</u></b>	<b>9- 15</b>
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais	
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	
2.3. Análise DAFO	
<b>3. <u>Plan de Acción</u></b>	<b>16-20</b>
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	
<b>4. <u>Avaliación do PD</u></b>	<b>21</b>
4.1. Seguimento do Plan de Acción	
4.2. Propostas de mellora (revisión)	
<b>5. <u>Difusión do PD</u></b>	<b>21</b>

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

#### **Datos do centro**

Concello	Rois
Localidade	Urdilde
Dirección do colexio	Rúa Compostela nº4
Código Postal	15281
Código do centro	15014799
C.I.F	Q6555092C
Teléfono	881866365
Email	<a href="mailto:ceip.pumar.urdilde@edu.xunta.gal">ceip.pumar.urdilde@edu.xunta.gal</a>
Dirección web	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippumarurdilde">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippumarurdilde</a>

O CEIP plurilingüe de Pumar-Urdilde , centro de titularidade pública, está situado na aldea de Pumar, na parroquia de Urdilde, pertencente ao concello de Rois (A Coruña).

O centro conta con oito unidades, dúas de infantil e seis de primaria e no actual curso 2021/22, atende a un total de 112 alumnos e alumnas que se distribúen nos diferentes niveis.

A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación vixente e está composta polos órganos unipersoais (directora, xefa de estudos e secretaria), colexiados (Consello Escolar e Claustro) e polos órganos de coordinación docente (Comisión de Coordinación Pedagóxica e Equipo de Normalización Lingüística). Neste curso cóntase con 16 profesores/as incluíndo a profesora de Relixión Católica e a orientadora. A mestra de AL é compartida co CEIP de Pedrouzos en Brión, a de Relixión Católica e a Orientadora son compartidas co CPI de Rois, a mestra de plurilingüismo é partillada co CEIP de Ventín e tres unitarias . Ademais temos unha conserxe, dúas cocifeiras e unha

persoa adicada á limpeza. En xaneiro un auxiliar de conversa incorporárase ao centro 16 horas até fins de maio partillado co CEIP Rosalía de Castro de Padrón.

O número total de alumnado para o presente curso 2021/22 ascende a 112, correspondendo 30 alumnos e alumnas á etapa de Educación Infantil e 82 á de Educación Primaria.

UNIDADES					
EDUCACIÓN INFANTIL		EDUCACIÓN PRIMARIA			
3 ANOS/4 ANOS	1	1º	1	4º	1
5 ANOS	1	2º	1	5º	1
TOTAL EN E.I	2	3º	1	6º	1

Por anos Educación Infantil

Anos	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS
Educación Infantil	9	8	13

Por niveis Educación Primaria

1º curso	7
2º curso	18
3º curso	14
4º curso	18
5º curso	9
6º curso	16

## Persoal docente

CLAUSTRO									
E.I	E.P	Mus	Rel	L.E	E.F	P.T	A.L	Orint.	TOTAL
2	6	1	1(comp)	2 (1comp)	1	1	1(comp)	1(comp)	16 (4 comp)

## Persoal non docente

conserxe	axudante de cociña	cociñeira	persoal de limpeza
1	1	1	1

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.

Ten alumnado procedente de núcleos de poboación moi dispersos, distribuídos polas parroquias de Augasantas, Costa, Ermedelo, Leroño e Urdilde, todas elas pertencentes ao concello de Rois. Pola proximidade tamén adoita haber algúns alumnos do concello de Brión ou Ames, así como doutras parroquias de Rois. Está adscrito ao CPI dos Dices (Rois), aínda que varios alumnos, principalmente de Urdilde, por mellor comunicación e proximidade acoden ao IES de Brión.

O colexio está situado na contorna do núcleo de Urdilde, a carón da estrada xeral Santiago–Noia, polo que a práctica totalidade do alumnado utiliza o servizo de transporte e de comedor.

O nivel socio económico da zona na que se sitúa o centro pódese situar nun termo medio.

En canto á situación lingüística no centro, conséntase que en xeral os nosos alumnos empregan na súa vida cotiá o galego e o castelán con predominio do galego tanto no ámbito familiar coma nas interaccións comunitarias.

O noso Plan Dixital plasma nun documento a situación actual do centro na área dixital. Recóllese a información relativa ao nivel de competencia do profesorado, alumnado e medios dos que dispón o centro educativo. Tendo en conta esta información plantexáronse tres obxectivos para levar a cabo o vindeiro curso 2022-2023 e que sexan factibles por tódalas persoas integrantes. O que se pretende co Plan é mellorar a Competencia Dixital no centro educativo .

Este plan estará emparellado ao noso Proxecto Educativo de Centro e tamén se terá en conta na Programación Xeral Anual.

No Plan Dixital promoveranse os seguintes obxectivos vinculados co Plan de integración das TICs.

1. Promover e fomentar o uso dos recursos que se van aprender no curso 2022-2023 e o achegamento de novos materiais en función das necesidades por etapas, ciclos ou áreas, para o seu manexo na escola e na casa.
2. Fomentar as boas prácticas no manexo da Internet, prestando especial atención aos aspectos relacionados coa seguridade persoal e a protección da privacidade e da intimidade.
3. Programar na PXA a solicitude do Plan Director para incluír durante o curso académico charlas informativas sobre seguridade dixital e tecnolóxica.
4. Conseguir que o alumnado adquira as competencias básicas no eido das novas tecnoloxías en función da súa idade.
5. Formar ao claustro de profesores nas tarefas de administración sitio web do centro, de xeito que a ausencia da persoa que fai este traballo na actualidade non implique o cese da súa actualización e uso.
6. Integrar as TIC na práctica diaria do centro de xeito continuado, como complemento para a adquisición, tratamento e contraste da información por parte do alumnado e seguindo as propostas de mellora recollidas neste plan.
7. Reciclar os equipos máis obsoletos e seguir solicitando á Consellería novos equipamentos informáticos.
8. Seguir traballando no manexo e coñecemento do sistema operativo Linux por parte do alumnado e profesorado.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- LOE 2/2006, de 3 de maio. (Debemos ter en conta as modificacións de dita lei e o proceso de implantación da nova lei LOMLOE).

En su Art. 111 bis nos habla sobre Tecnologías de la Información y la Comunicación, destacando por ejemplo que *“las Administraciones públicas velarán por el acceso de todos los estudiantes a los recursos digitales necesarios, para garantizar el ejercicio del derecho a la educación de todos los niños y niñas en igualdad de condiciones”*, *“Las Administraciones educativas y los equipos directivos de los centros promoverán el uso de las tecnologías de la información y la comunicación (TIC) en el aula como medio didáctico apropiado y valioso para llevar a cabo las tareas de enseñanza y aprendizaje”* o *“ El Ministerio de Educación, Cultura y Deporte ofrecerá plataformas digitales y tecnológicas de acceso a toda la comunidad educativa, que podrán incorporar recursos didácticos aportados por las Administraciones educativas y otros agentes para su uso compartido. Los recursos deberán ser seleccionados de acuerdo con parámetros de calidad metodológica, adopción de estándares abiertos y disponibilidad de fuentes que faciliten su difusión, adaptación, reutilización y redistribución y serán reconocidos como tales.”*, entre otros aspectos relevantes.

El Art. 121, trata sobre el **Proyecto Educativo del Centro** nos recuerda *“El proyecto educativo del centro recogerá asimismo la estrategia digital del centro, de acuerdo con lo establecido en el artículo 111 bis.5.»*

En su Art.132 relacionado con **Competencias del director o directora**, nos recuerda que el director o directora debe *“Promover experimentaciones, innovaciones pedagógicas, programas educativos, planes de trabajo, formas de organización, normas de convivencia, ampliación del calendario escolar o del horario lectivo de áreas o materias, de acuerdo con lo recogido en el artículo 120.4”*

*“Fomentar la cualificación y formación del equipo docente, así como la investigación, la experimentación y la innovación educativa en el centro.”*

*“Diseñar la planificación y organización docente del centro, recogida en la programación general anual.”* entre otras competencias.

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

Nesta disposición que fai referencia ao Plan Dixital indicásenos que “Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Aquí resólvese que esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta os seguintes puntos: *Procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital. Coordinación do Plan Dixital e Actuacións da Administración educativa.*

#### 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do PD realizouse durante o curso 2021/22 mediante o Equipo de Dinamización en colaboración co profesorado do centro, o cal realizou durante este ano académico un Seminario de formación sobre a “Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital”, para tentar acadar unha formación necesaria neste ámbito. O seminario tivo unha formación de 16 horas de traballo grupal e 4 horas de traballo individual, onde non se recibiu docencia.

O proceso de elaboración levouse a cabo mediante unha coordinación entre a figura da directora do centro e do coordinador do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, que traballaron co profesorado do centro para a elaboración do PD.

Seguíronse os seguintes pasos:

- Xuntanza dos membros que realizan o seminario e o Equipo de Dinamización do Plan Dixital para poñer en común os pasos a seguir.



- Postas en común, debates e resolución de dúbidas, antes da realización das tarefas (SELFIE, CDD, DAFO, Plan de Acción) e sempre que fora preciso.
- Realización dunha análise dos datos do centro sobre a competencia dixital dentro da comunidade educativa, mediante a enquisa SELFIE e o Test CDD (Test de Competencia Dixital Docente).
- Realización dun DAFO cos resultados das enquisas.
- Configuración dun Plan de Acción para abordar o deseño do PD e a realización final do Plan Dixital, deixando claros os obxectivos.
- Realización final do Plan Dixital do Centro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).**

A conectividade por wifi do centro é moi boa nas aulas E- dixgal, pero no resto da escola é máis escasa ou non hai conectividade. Neste curso 2021-2022 atópase pendente de solución por parte da Consellería. Nembargantes, a conexión cableada soe funcionar sen incidencias significativas, máis alá de que se estropee o cableado. A infraestrutura de voz, despois de solicitar o cambio dos terminais a principios do curso 2021-2022, funciona correctamente.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías.**

ESPAZOS	EQUIPAMENTO
---------	-------------

<b>Aulas dixitalizadas</b>	Tódalas aulas contan con un equipo(portátil), altavoces e pizarra dixital. Non en tódalas aulas funciona a pizarra dixital correctamente, nin o portátil. Sistema operativo Linux en case tódalas aulas.
<b>Proxecto E- Dixgal</b>	5º e 6º de Educación Primaria
<b>Equipos de xestión e administración</b>	3 equipos e dúas impresoras
<b>Biblioteca</b>	1 equipo que se emprega para a catalogación e a búsqueda de información por parte do profesorado e algún alumno/a.
<b>Equipos para uso nas salas de profesorado</b>	3 equipos e 1 impresora. So un equipo conectado a fotocopidora da escola.
<b>Equipos para uso nos departamentos</b>	1 equipo con impresora
<b>Equipos ultraportátiles para aula móbil</b>	4 portátiles que enviaron ao centro para préstamo ao alumnado que non tivese conexión a internet.
<b>Aulas de informática</b>	1 aula, montada con equipos moi antigos que dan erros de forma continuada cada vez que se fai uso da mesma. Sistema operativo Linux.

**Dotacións para proxectos específicos.**

Neste momento non hai ningún proxecto específico.

- **Servizos dixitais educativos**

No centro empréganse os **servizos corporativos** por parte do profesorado: correo electrónico, a páxina web do centro, o espazoAbalar, E-Dixgal, Abalarmóbil (con tódalas funcionalidades e aplicacións) e en menor medida este curso, a Aula Virtual.

Como **servizos non corporativos** algún profesorado emprega Adittio e outras aplicacións para o desenvolvemento da súa labor docente.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

O mantemento básico realízao o profesorado. Se xurde algún problema máis complexo damos aviso a través da UAC para solicitar a axuda dos técnicos informáticos.

- **Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC (Plan de continxencia, por exemplo).**

Neste momento estase traballando na funcionalidade e manexo da páxina web do centro e na aula virtual. Toda a documentación está a disposición das familias no centro educativo e algunha na páxina web.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para deseñar o DAFO o centro, ademais de levar a cabo varias reunións para o debate e posta en común das necesidades no ámbito dixital, utilizou dúas ferramentas para obter datos concretos sobre a situación dixital actual. Estas ferramentas son a enquisa SELFIE e o Test CDD (Competencia Dixital Docente).

A continuación móstranse algunhas táboas onde se reflicten aspectos destacados dos resultados adquiridos mediante o SELFIE e o Test CDD.

### .Resultados das áreas según o SELFIE.

Areas	Grupo Educación Primaria	
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,3
	Alumnado	-
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	2,7
	Alumnado	3,4
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,4
	Alumnado	4,2
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,4
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,8
	Alumnado	3,2
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	2,5
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,9
	Alumnado	4

## **Resultados da participación e nivel obtido según o CDD (nas táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3)**

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	8	11	72,7
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	0	0	0
SUBSTITUTO	0	0	0
DESPRAZADO	0	0	0

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
67,9	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	83.5	Integrador/a (B1)	66.2	Integrador/a (B1)
PRIM.	67	Integrador/a (B1)	77.3	Integrador/a (B1)

### 2.3 Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	2	20%
Explorador/a (A2)	4	40%
Integrador/a (B1)	2	20%
Experto/a (B2)	1	10%
Líder (C1)	1	10%
TOTAL	10	100 %

**Outras fontes:** Como xa se aclarou ao comezo deste apartado, as outras fontes utilizadas para a realización do DAFO foron as reunións do profesorado para realizar debates e postas en común, as opinións obtidas das familias e as necesidades ou carencias observadas á hora de levar a cabo o proceso ensinanza/aprendizaxe.

### 2.3. Análise DAFO

Nesta análise reflíctense as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do noso centro e o seu marco no ámbito dixital, obtidas dende o SELFIE o CDD e outras fontes.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1. Nas aulas do centro hai equipamento informático mercado polo propio centro. (Pregunta específica do centro, 5)</p> <p>2. A comunicación alumnado/profesorado é máis fluida grazas a aula virtual e a plataforma Edixgal. (Debate nas reunións de profesorado e equipo directivo.)</p> <p>3. Podo facer un seguemento das miñas tarefas a través da aula virtual do centro ou do EVA do proxecto Edixgal na maioría das materias. (Pregunta específica do centro, 2)</p>	<p>1. Na escola hai dispositivos dixitais para usar e ensinar. C2</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>1. O noso profesorado busca en liña recursos educativos dixitais. E1</p> <p>2. O noso profesorado maestros usa tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro. E4</p> <p>3. Predisposición do profesorado a unha formación proveitosa en aspectos dixitais. (Debate nas reunións de profesorado e equipo directivo do Plan Dixital)</p>	<p>1. Insuficiente coñecemento das vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo e dispoñibilidade e uso deste tipo de ferramentas no centro. (Preguntas creadas por el centro)</p> <p>2. Insuficiente uso das tecnoloxías dixitais para proporcionarlle retroalimentación ao alumnado, facilitando a planificación de accións posteriores. G3 e 2.6 (Cuestión 4.3) do CDD.</p> <p>3. Insuficiente implicación do alumnado no uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe por parte do profesorado. G8</p> <p>4. Uso insuficiente das tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. G1</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<p>1. Baixa capacitación do alumnado para que utilice as tecnoloxías dixitais de forma segura, á vez que se minimizan os riscos para garantir o benestar físico, psicolóxico e social. 2.6 (cuestión 6.4) CDD</p> <p>2. Insuficiente implicación dos estudantes no uso das tecnoloxías dixitais en proxectos transversais. F6</p>
	FAMILIAS	<p>1. A min ou á miña familia chégannos avisos e notificacións a través da aplicación abalarMobil. Ademais pódense xustificar as faltas ou pedirtitorías a través da mesma aplicación. (Pregunta específica do centro, 3.)</p>	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1. Ausencia dunha estratexia dixital na escola. A1</p> <p>2. Usamos as tecnoloxías dixitais para mellorar a comunicación co profesorado, co alumnado e/ou coas familias. 2.6 (cuestión 1.1) CDD</p>	

		3. Dende o centro educativo promóvese a participación do profesorado en actividades formativas individuais organizadas polas Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais do profesorado. (Pregunta específica do centro, 3.)	
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		1. As diferentes modalidades de formación organizadas pola Administración Educativa non se axustan as miñas necesidades formativas en competencia dixital. (Pregunta específica do centro, 3.) 2. A administración non proporciona dispositivos portátiles administrados polo centro para que o alumnado poda levarlos a casa cando sexa necesario. C10 3. A administración non proporciona sistemas de protección de datos e/ou plataformas para unha mellor seguridade dixital. C7
	LEXISLACIÓN		1. A administración non reserva tempo dentro do horario do profesorado nin recursos humanos para explorar como mellorar a miña ensinanza con tecnoloxías dixitais. A4
	CONTORNA		1. Afecta negativamente a baixa competencia dixital das familias. (Outras áreas. Factores negativos para aprendizaxe mixta.)
	ANPA	1. Solicitar ao Anpa apoios á realización de actividades dixitais, como a robótica, programación... (Debate nas reunións de profesorado e equipo directivo.)	
	OUTRAS ENTIDADES	1. Solicitar ao Concello apoios á realización de actividades dixitais, como a robótica, programación... (Debate nas reunións de profesorado e equipo directivo.)	1. Organizar os contidos dixitais, permitindo un acceso fácil e seguro para o alumnado, as familias e o profesorado, e protexendo ao mesmo tempo os datos persoais e confidenciais. (2.6 (cuestión 2.4) CDD 2. A rede de Internet non é todo o rápida que debería para a cantidade de dispositivos existente. (Debate nas reunións de profesorado e equipo directivo.)

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

Para o vindeiro curso 2022/23 os obxectivos a acadar, as accións a realizar, os responsables de cada acción e/ou obxectivo, a temporalización e os recursos necesarios para levar a cabo o Plan de Acción e realizar o Plan Dixital indícanse a continuación apoiados dunhas táboas.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Co fin de establecer os obxectivos para o Plan de Acción dentro do Plan Dixital, realizamos dentro do grupo do profesorado varias reunións para facer unha selección acorde cos obxectivos SMART (Específicos, Medibles, Alcanzables, Relevantes e Definidos).

A decisión foi a de determinar tres obxectivos que cumpren os aspectos SMART e que todo o profesorado se comprometeu a levar a cabo mediante diferentes ferramentas e accións concretas para o vindeiro curso 2022-2023. Son obxectivos alcanzables e que se poderán incrementar nos vindeiros cursos académicos unha vez se faga o seguimento e avaliación do Plan Dixital.

Os obxectivos seleccionados son os seguintes:

1. Facilitar que o alumnado empregue tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe.
2. Empregar as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.
3. Capacitar ao alumnado no uso das tecnoloxías dixitais de xeito seguro, minimizando os riscos.

Estos obxectivos quedan contextualizados dentro das áreas de: “*Prácticas de avaliación*” (SELFIE) e “*Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado*”(CDD).



A temporalización queda enmarcada no vindeiro curso 2022/23, indicándose o punto de partida inicial e o valor previsto, ademáis de cada acción relacionada con cada obxectivo, que se reflicte nas táboas que se indican a continuación.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

#### Equipamento

O centro conta con ordenadores obsoletos na aula de informática que non chegan para o uso de todo o alumnado. O centro foi renovando nalgunha aula equipos, a cargo do presuposto do centro.

É necesario un investimento importante para mellorar os equipos, a rede wifi e outros dispositivos dixitais do centro.

Non é posible conseguir unha boa competencia dixital senon contamos con recursos axeitados. Durante unha clase, por exemplo na aula de informática pasamos o 90%do tempo solucionando problemas do sistema.

#### Melloras de infraestrutura tecnolóxica

- novos equipos na aula de informática, departamento de orientación e sala de mestres.
- proxectores da aula de 1º,3º e 4º de Educación Primaria.
- pizarras dixitais: aula de 1º,2º,3º e 4º. Son tan antigas que dan erros continuamente.
- revisión da cobertura da rede wifi para que funcione igual de ben que nas dúas aulas Edixgal do centro para todo alumnado e profesorado.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	Facilitar que o alumnado empregue tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado do centro/ Persoa coordinadora TIC/ Equipo de dinamización do PD				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de aplicacións/programas/recursos empregados en cada nivel polo alumnado para unha aprendizaxe en espiral na competencia dixital					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 aplicacións/programas/recursos empregados polo alumnado por ciclo.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 aplicacións/programas/recursos empregados polo alumnado por ciclo.			Final do terceiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:AO1.1: Posta en común e toma decisión das aplicacións/ programas/ recursos que levará a cabo cada nivel e curso para unha aprendizaxe gradual ao longo da etapa.	Xefatura de estudos. Profesorado do centro.	Setembro	Aula de mestres para a reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:AO1.2: Utilización das diversas aplicacións/ programas/ recursos acordadas para cada nivel e ciclo.	Profesorado do centro/ Persoa coordinadora TIC/ Equipo de dinamización do PD	De outubro a maio	Aula de informática, ordenadores con conexión a internet e proxectores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:AO1.3: Avaliación das diversas aplicacións/ programas/ recursos realizadas durante o curso.	Profesorado do centro/ Persoa coordinadora TIC/ Equipo de dinamización do PD	Xuño	Memoria das actividades realizadas por cada curso.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
<b>OBXECTIVO 2 (1):</b>	Empregar as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado do centro/ Persoa coordinadora TIC/ Equipo de dinamización do PD				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de aplicacións/programas/recursos empregados por curso para unha avaliación das habilidades do alumnado.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 aplicacións/programas/recursos empregados por ciclo					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 aplicacións/programas/recursos empregados por ciclo.			Final do terceiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO2.1:</b> Posta en común e toma de decisión das aplicacións/ programas/ recursos que levará a cabo cada nivel e curso para unha avaliación das habilidades do alumnado.	Xefatura de estudos. Profesorado do centro.	Setembro	Aula de mestres para a reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2:</b> Utilización das diversas aplicacións/ programas/ recursos acordadas para cada nivel e ciclo.	Profesorado do centro/ Persoa coordinadora TIC/ Equipo de dinamización do PD	De outubro a maio	Aula de informática, ordenadores con conexión a internet e proxectores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3:</b> Avaliación das diversas aplicacións/ programas/ recursos realizadas durante o curso.	Profesorado do centro/ Persoa coordinadora TIC/ Equipo de dinamización do PD	xuño	Memoria das actividades realizadas por cada curso.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
<b>OBXECTIVO 3 (1):</b>	Capacitar ao alumnado no uso das tecnoloxías dixitais de xeito seguro, minimizando os riscos.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo/Profesorado do centro.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de charlas/debates informativos por curso para unha información e coñecemento dos riscos nas tecnoloxías dixitais.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 charlas/debates informativos realizados na etapa (1 por ciclo).					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	3 charlas/debates informativos realizados na etapa (1 por ciclo).			Final do terceiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO3.1:</b> Búsqueda de diversas charlas/debates informativos e formación sobre o uso das tecnoloxías seguras.	Equipo Directivo/ Profesorado do centro/Equipo de dinamización do PD	Setembro	Plan Director/outras entidades adicadas á formación nas tecnoloxías dixitais.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2:</b> Solicitude das formcións atopadas no mes de setembro para cada nivel e ciclo.	Equipo Directivo/ Profesorado do centro/ Equipo de dinamización do PD	Outubro	Solicitudes. Aula de informática, ordenadores con conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3:</b> Realización e asistencia ás charlas/debates informativos para o coñecemento dos riscos nas tecnoloxías dixitais.	Profesorado do centro.	De novembro a xuño	Participación das entidades que realizan as charlas/debate. Ordenadores con conexión a internet.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

#### 4. Avaliación do plan

Para avaliar o Plan Dixital levaremos a cabo un seguimento en coordinación mediante o Equipo do Plan Dixital, o Equipo TICs, o Equipo Directivo e o profesorado do centro.

Este seguimento farase mediante unha reunión unha vez ao mes ou como mínimo unha vez ao trimestre para realizar unha axeitada avaliación procesual, na que se avaliarán as accións acordadas no Plan de Acción, a súa temporalización, a súa eficacia no proceso ensinanza-aprendizaxe e, de ser o caso, as posibles modificacións que se deban facer por diversos motivos que emerxan durante o curso, tendo en conta ademais as posibles propostas de mellora.

A avaliación final realizarase unha vez ao ano, prestando especial atención ós obxectivos seleccionados calificando como “Acadado” ou “Non acadado” e que se reflicten nas táboas do Plan de Acción valorando se a acción está realizada, aprazada ou pendente.

#### 5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital realizarase a través da páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippumarurdilde/>.

Tamén estará dispoñible na secretaría do centro para toda a comunidade educativa.